

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ÓRGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2008/03

CARACTER: ORDINARIO

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 10 de marzo de 2008.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **10 de marzo de 2008** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO, baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUÁREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D.Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina

D. José Duarte Díaz

Dona Begoña Sanjurjo Santar

D.Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas

Dona María José Rodríguez Arca

D.Ramón López Pérez

U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez

D.Agustín Reymondez Gancedo

Secretario Xeral:

D.Manuel J. Díaz Sánchez

Interventora:

Dona María José Vázquez Rigueira

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

2008/01/13.- TOMA DE POSESIÓN DE D.RAMÓN LÓPEZ PÉREZ COMO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno municipal da expedición por parte da Xunta Electoral Central da credencial de Concelleiro a favor de D.Ramón López Pérez como candidato incluído na lista presentada polo Partido Socialista Obrero Español (PSOE), ás eleccións de 23 de maio de 2007 en substitución, por renuncia de don Carlos Pérez Méndez.

Por parte do Sr. López Pérez tense presentado a correspondente Declaración de Intereses e Incompatibilidades con anterioridade á celebración desta sesión.

De seguido por parte do Sr. D. Ramón López Pérez procédese a formular promesa do cargo de conformidade co esixido no Real Decreto 107/1979, de 5 de abril.

Por parte do Sr. Alcalde manifestase que lle da a benvida ao novo Concelleiro e que lle desexa un bo traballo en beneficio de todos os veciños.

O Sr. López Pérez á súa vez agradece as verbas do Sr. Alcalde.

2008/02/14 APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 9 DE FEBREIRO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión de data 9 de febreiro de 2008, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Por parte do Sr. López Penabad, do Grupo Municipal Popular, se fai referencia a que na acta, no encabezamento da mesma figura que se incorporou unha vez iniciada a sesión e que esto fora na anterior a esa sesión, pero non nesta de 9 de febreiro de 2008, debendo rectificarse.

Por Secretaría se piden disculpas polo erro material, que procede se rectifique.

Polo Pleno municipal, por unanimidade aprobase a rectificación referida e a subseguinte aprobación da acta da sesión anterior coa rectificación indicada e sen mais modificacións, adicións ou emendas.

2008/03/15.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: desde A NÚMERO 264/2007 DE 4 DE DECEMBRO Á NÚMERO 301/2007 DE 31 DE DECEMBRO, E desde A NÚMERO 07/2008 DE 2 DE XANEIRO Á 32/2008, DE 28 DE FEBREIRO.

Por parte do Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI á vista das resolucións epigrafiadas procédese a formular diversas preguntas sobre as mesmas.

En primeiro lugar polo Sr. Rivas Álvarez faise referencia á resolución 2125, de carteles, trípticos, e diplomas para deportes, MTM, que non sabe exactamente o que significa, e que hai unha partida cun gasto de 3436 euros de gastos diversos, e non sabe de que se trata e pide que se lle aclare.

O Sr. Alcalde manifesta que non pode contestarlle neste momento, significando o Sr. Rivas que pola mañá non estaba a Sra. Interventora e non lle poido preguntar; polo Sr. Alcalde se remite ao Sr. Rivas á Interventora.

Formula así mesmo unha pregunta respecto á Resolución 2263 de recoñecemento de pago correspondente a guías e folletos da Rede Natura 2000 e charlas de NOVOTEC Consultores por un importe de 10.000 euros e pregunta que cantos trípticos e cantas charlas se deron e donde se deron, significando que tivo coñecemento de que ía haber unha charla no Auditorio pero que segundo parece ser non chegou a celebrarse.

Por parte do Sr. Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado de Medio Ambiente se contesta que houbo charlas en todas as parroquias da Rede Natura, e menciona Cinxe, Vilaframil e A Devesa, pero outra cousa é que asistira ou non a xente.

O Sr. Rivas Álvarez pregunta se asistiu a xente e o Sr. Concelleiro Delegado contesta que nunhos sitios mais que noutros, pero que non asistiran non quere dicir que non se realizara e ademais a actividade estaba subvencionada, lóxicamente.

O Sr. Rivas Álvarez pregunta tamén pola Resolución 2391, de pago a Sanchez Goyanes Consultores S.L., e pregunta se son os que viñeron de Vigo polo tema das baixo cumbreiras, e se é o pago do informe que se fixo definitivamente para as cumbreiras.

Por parte do Sr. Alcalde se di que é outro gabinete xurídico e é un informe, son gastos de asesoramento.

O Sr. Rivas Álvarez pasa a referirse seguidamente a unha subvención e a tres pagos que suman 18.000 euros a Teorema Centro de Estudios, entre os que lle chamaron a atención, por clases de español para inmigrantes, clase de apoio para inmigrantes en Educación Primaria e ESO, e clases de galego para inmigrantes, e pregunta se o custo das tres partidas foi financiado con subvención.

O Sr. Alcalde contesta que efectivamente foi cunha subvención que figuraba no anterior mandato, e que se fixo desde a Oficina de atención ao inmigrante respostandoun pouco, a unha enquisa previa que se efectuou, e se deron esa serie de apoios escolares aos mais pequenos e adultos, tanto de galego como de español.

Pregunta a continuación o Sr. Rivas Álvarez polos Decretos 2480,2481,2482 e 2488 de pagos a Santos Héctor de 10.915,60, a AQUAGEST de 2.080, e outros provedores, por diversas cantidades, todos polo mesmo concepto referidos a instalación de mobiliario urbano e farolas na Rúa Doctor Moreda e que por iso pregunta.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que se trata de mobiliario da rúa Doctor Moreda que non estaba previsto no proxecto e que se fixo un Convenio adicional para a súa realización, non previsto no proxecto, e o Concello realizou a obra por Administración con diversos empresarios e que foi unha subvención de 18.000 euros da Xunta, financiada integramente a obra pola Comunidade Autónoma.

Tamén fai o Sr. Rivas Álvarez, unha pregunta relativa a varias partidas para o campo de fútbol de A Devesa que importan, en total, 18.000 euros, que supón que tamén se fixeron cunha subvención e fai referencia o Sr. Rivas a un Convenio que existía con quen explotou a canteira para que quedar un campo de fútbol feito e lle parece que non é de recibo que despois de sacar toda a pedra que se sacou pola empresa de alí, non quedase o campo en condicións, e non sabe se foi así.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda sinala que foi unha partida para vestiarios e que se trata dunha primeira fase para unha actuación cun presuposto de mais de 29.000 euros, sinalando que a segunda fase se vai iniciar pronto, para rematalo xa.

Pasa de seguido o Sr. Rivas Álvarez a referirse a un ingreso de 7.541,16 euros correspondentes a maquinaria para servizos medioambientais de traballos na Rede Natura e pregunta sobre ese ingreso, e en que se invertiron eses cartos, contestándosele que responde a unha subvención para desbrozadoras do anterior equipo de goberno.

Se refire a continuación o Sr. Rivas ao Decreto 2605 de cartelería varia para a Alcaldía por importe de 534,20 euros e pregunta que de que carteis se trata, contestándose polo Sr. Alcalde que haberá que mirar a factura.

O Sr. Rivas Álvarez reitera que como non estaba a Interventora pola mañá non poido formular as preguntas sobre estas cuestións.

O Sr. Alcalde contesta que efectivamente esas facturas van unidas aos Decretos e que non hai ningún problema para que se examinen, con todo detalle, e que no Decreto ven unicamente unha referencia.

A continuación o Sr. Rivas manifesta que quere seguir insistindo xa que así lle parece ao seu Grupo, en que é excesivo o gasto que se fai en Cultura e fai referencia a unha partida do Decreto 2007/25 de 1.750 euros, 2726 de 3.500 euros, o 2.727 de 600 euros, 2.728 de 750, 2.729 de 1.100 euros, e se refire a varias representacións de diversas obras teatrais de 1150 euros, 1682 euros, e outros gastos de Cultura, e lles parece un gasto excesivo para un mes e medio que se podía minorar.

Interven a Sra. Concelleira de Cultura que manifesta que este é un tema recorrente e que cada Grupo Político ten a súa política cultural e que a Concellería que ela leva sempre apostou o BNG pola política cultural e que o que lles pregaría é que foran a mirar o Convenio que hai coa Xunta de Galicia, para a Rede de Teatros, e o que aporta cada parte, os prazos de tempo cando hai que programar e desde logo que se pasaran a ver os espectáculos para valorar despois se o gastos é excesivo, ou non, tendo en conta o número de público e a calidade dos espectáculos, e a quen vai dirixido fundamentalmente.

O Sr. Rivas Álvarez pola súa parte di que habería que ver cantos van a cada un deles, e que lle gustaría saber cantos van a cada obra de teatro.

A Sra. Concelleira lle di que cando haxa unha representación teatral pode pasarse polo Auditorio e o Sr. Rivas Álvarez lle contesta que se non vai xa mandará a algún.

2008/04/16.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 13 DE FEBREIRO DE 2008 DE RECTIFICACIÓNS DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO DO ANO 2007.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe literalmente:

“Dáse conta á Comisión da Resolución da Alcaldía de data 13 de febreiro de 2008 de rectificacións de modificacións de crédito do ano 2007.

“Visto o informe da Intervención Municipal coa dilixencia de rectificación de erros na modificación de crédito do ano 2007, segundo se indica:

Debido a diversos erros na transcripción das modificacións de crédito do ano 2007, que non afectan ás cantidades, nin o tipo de mutación, María José Vázquez Rigueira, Interventora do Concello de Ribadeo, dilixencia os expedientes do ano 2007. De maneira que unha vez corrixidas, a redacción das mesmas sería a que se establece nos expedientes que acompaño.

Os erros son os seguintes:

Expediente de MC 3/2007.

A numeración que corresponde é a 3/2007, e non 1/2006 nin 1/2007.

Na resolución de Alcaldía non aparece o importe total da mutación: 234.658,95 euros.

Por outra banda o informe de Intervención ten algún erro, como a fecha ou a remisión aos artigos da antiga Lei de Facendas Locais.

MC 4/2007.

A partida de ingresos e gastos está mal anotada, as correctas son 455.131 De CCAA. De Consellería de Traballo e 313.160.

O informe de Intervención está con fecha de mes de marzo e non de maio, como o resto de resolucións.

MC 5/2007.

As partidas de gasto e ingresos correctas son 322.131 Retribuciones Programa Labora. Técnico de cultura e 322.160,455 Transferencias correntes de capital. Desta maneira na páxina 6 se debería facer mención á contratación dun técnico en cultura e non a un técnico de desembolvemento local.

MC 7/2007

A consignación a imputar a mutación é a 445 CCAA. Consellería De traballo. Técnico de actividades deportivas. 322.131 Retribucións do Programa Labora, Técnico de actividades deportivas.

MC 9/2007 A consignación que corresponde é 313.160. A data debe ser de agosto de 2007.

MC 15/2007 A partida de ingresos correcta é a 755 Transferencias de Capital de CCAA.

MC 18/2007 A data correcta de todo o expediente é de 20 de Outubro de 2007.

MC 19/2007 A consignación de ingresos é a 755 Transferencias de capital de CCAA.

Por outra banda ao tratarse de modificacións feitas ao Presupuesto Prorrogado de 2006 a 2007, só as modificacións aprobadas con data posterior a aprobación dos Orzamentos de 2007, e a referente a incorporación de remanentes deben ser obxecto de contabilización, por ser as restantes incluídas nas previsións iniciais.”

Considerando, que o artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro manifesta que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Esta Alcaldía

RESOLVE:

1º.-Prestar aprobación á rectificación de erros de referencia, segundo a dilixencia da Intervención Municipal transcrita anteriormente, nos expedientes de modificación de créditos que se indican.

2º. Dar conta desta Resolución á Comisión Informativa correspondente na primeira reunión que celebre aos efectos de toma de razón e a transcripción desta resolución ao correspondente Libro oficial de Resolucións da Alcaldía.”

Por parte da Sra.Interventora, a petición dos membros da Comisión, faise unha explicación sucinta do contido das rectificacións producidas que afectan unicamente á imputación contable segundo se manifesta.

A Comisión, sen promoverse deliberación, Dáse por enterada, aos efectos procedentes.

O Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acorda darse por enterada do contido da Resolución epigrafiada aos efectos procedentes.

2008/05/17.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE MODALIDADE DE XESTIÓN DO SERVIZO DE XANTAR SOBRE RODAS.-

Dáse lectura por Secretaría ao ditame da Comisión Informativa de 6 de marzo de 2008 que se transcribe de seguido:

“ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE MODALIDADE DE XESTIÓN DO SERVIZO DE XANTAR SOBRE RODAS.

Dáse conta dunha proposta da Alcaldía sobre o asunto epigrafiado, que é explicada en sintese polo Secretario da Corporación e que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia, visto que con carácter experimental durante o ano 2007 comezou o funcionamento baixo subvención da Comunidade Autónoma como xestión da mesma do Servizo de Xantar sobre rodas e que para o ano 2008 se ten a previsión de configuralo como un servizo de titularidade municipal dentro da área de Servizos sociais municipais e con financiamento con cargo ao Plan concertado e no seu caso a fondos propios,

Vista a previsión legal de que se efectúe a fixación da modalidade de xestión dos servizos e o acordo da propia creación dos mesmos polo Pleno municipal segundo dispoñen os artigos 41 e 42 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955), e así mesmo

Visto o disposto no artigo 22. 1 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril que atribúe ao Pleno municipal a aprobación das formas de xestión dos servizos e sendo unha competencia indelegable de este órgano na Alcaldía ou Xunta de Goberno Local,

Considerando, que para un axeitado funcionamento do servizo previsto no primeiro ano da súa andadura como servizo estable é conveniente a xestión directa do mesmo sen prexuízo da contratación cunha empresa especializada, pero manténdose plenamente a dirección do servizo no Concello, fronte á modalidade de xestión indirecta.

Visto que

PROPONSE AO PLENO:

1º. A aprobación como forma de xestión do Servizo de “Xantar sobre Rodas” baixo a modalidade de xestión directa do servizo, sen prexuízo do contrato de servizos que pida formalizarse cun terceiro nos termos e coas condicións a que se refire o TR da Lei de Contratos das AA.PP.

2º. Facultar á Alcaldía para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin do acordo adoptado.”

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Alcalde que manifesta que son realmente dúas propostas xunguidas, unha de xestión e outra económica e de regulación.

Por parte de Secretaría se explica a mesma cuestión de xeito sucinto, a pregunta formulada polo Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista. _Este á súa vez manifesta que o que se fixo se efectuou cunha subvención que se pediu no seu mandato de 3000 euros do Plan Concertado e pregunta se xa está pedido para 2008 e que como se financia.

O Sr. Castro Reigosa, como Concelleiro Delegado de Economía e Facenda contesta que se financia co Plan concertado e coa aportación dos usuarios pero que aínda non se abriu o prazo do Plan concertado.

Por parte do Sr. Pérez Vacas pregúntase cando se vai poñer en funcionamento ao que responde o Sr. Alcalde que inmediatamente, e por parte do Sr. Pérez Vacas se repregunta con qué financiamento.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que como sempre cando se pide o Plan Concertado se sabe que a petición se fai cando se abre o prazo, pero teñen que pedir as actuacións para o ano en curso e entre elas as deste servizo xunto coas que piden todos os anos e non pode ser doutra maneira, e lles teñen dito dun xeito informal que apoiado en que se deu no exercicio anterior unha subvención para o servizo, e como xa houbo unha petición que fixo o Alcalde anterior máis motivo se se implantou o sistema, e que vai haber unha parte que vai pagar o Concello, outra parte que se presume que vai vir co Plan concertado e outra que pagarán os beneficiarios segundo a súa renda, e que so se pode facer desta maneira e hai que funcionar así durante un ano.

Por parte do Sr. Pérez Vacas pregúntase de novo significando que él pregunta sobre este servizo novo, e se se fai unha posta en servizo inmediata e se ten o gasto aprobado e con cargo a que partida vai e que isa é a pregunta.

Por parte do Sr. Castro Reigosa se sinala que se leran a proposta de financiamento saberían que se fala de que se financiará polos usuarios en relación coas súas rendas, pero mentres non se defina iso é moi difícil definir o resto e sen definir os usuarios non se pode definir o presuposto.

O Sr. Pérez Vacas repregunta quen lle vai pagar á empresa de cátering e con que diñeiro e con cargo a que partida, respostando o Sr. Castro Reigosa que pagará o Concello e que están a falar de que inician un proceso no que non poden cuantificar nin as solicitudes.

O Sr. Pérez Vacas manifesta que se da por enterado.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular á súa vez afirma que o que non haxa unha cantidade exacta é un tema pero que terá que haber unha partida aberta con cargo á cal se impute o gasto.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta poñendo o exemplo do ano 2007 en que non había partida e estiveron traballando cos gastos correspondentes ao Centro de Día que ao final lles van a reintegrar e que estiveron pagando e non estaba contemplado.

O Sr. Rodríguez Andina á súa vez pide que se diga, que por parte do seu Grupo non pretenden poñer a ninguén en ningunha trampa pero pide que lles expliquen como se fai e de que xeito e que lles expliquen que non hai partida presupostaria, pero que como norma se fai do xeito que lles teñen que explicar.

Intervén o Traballador Social do Concello Sr. Gegunde López que manifesta que a norma escrita da orde de convocatoria é que se o Concello ten debidamente xustificado e executado o concepto do exercicio anterior, iso o teñen garantido para o ano seguinte, é dicir como mínimo 3000 euros.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista intervén sinalando que non preguntan iso, que xa o saben, que vai haber iso e mais pero o que está preguntando é que se se poñen a funcionar mañá con qué se paga o servizo se non hai partida aberta no presuposto municipal, e pódennlle dicir que se chegou ao acordo de que se pagará cando cheguen os cartos da Xunta e é o que está preguntando.

Por parte da Sra. Interventora a petición dos membros da Comisión se informa de que existiu un importe de 3000 euros e que o resto se mete una partida de Gastos sociais.

Toda vez que por parte do Sr. Rodríguez Andina se manifesta que hai unha partida prorrogada de cómo mínimo 3000 euros, por parte da Interventora se manifesta que ten un límite e depende do gasto que haxa .

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se a empresa pasa unha factura e hai que pagala se se pode facer respecto da partida de 3000 euros prorrogada ou como pode facerse.

A Sra. Interventora manifesta que fixo un informe que figura no expediente, e que o que ve claro é que facendo un estudio do custo anual non vai chegar e que o mais lóxico será agardar pola subvención e que hai un límite de 3000 euros de gastos xerais.

Toda vez que o Sr. Rodríguez Andina reitera a pregunta de se se pode imputar a Sra. Interventora manifesta que si pero ata 3000 euros.

Intervense por parte de Secretaría a efectos de aclaración de conceptos sinalando que o extremo sobre o que se está a deliberar non está na Orde do día xa que hai un tema previo que é o da xestión do servizo e a Ordenanza do servizo e é independente dos contratos para a súa execución, contías, etc., e considera que non se pode pór en marcha o servizo ata que a Ordenanza reguladora estea definitivamente aprobada e publicada. O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte manifesta que non pode poñerse en marcha o servizo sen unha partida á que impútalos e que de ahí ven a pregunta.

Por Secretaría se contesta que se está a referir ao procedemento e que a Alcaldía ten a facultade de contratación dentro da consignación presupostaria de que dispoña.

O Sr. Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular, formula unha pregunta sobre a empresa de cátering e por parte do Sr. Rodríguez Andina se pregunta pola xestión directa e a diferenza respecto doutra modalidade, o que é explicado sucintamente por Secretaría.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, á súa vez volta preguntar canto representa en custo e o Sr. Castro Reigosa reitera que agora mesmo non o poden saber.

De seguido pasada a votación a proposta da Alcaldía obtén dous votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP, do PSOE e de UPRI), que manifestan que se reservan para o Pleno, dictaminándose favorablemente para a aprobación polo Pleno municipal.”

Iniciase o debate, tras da lectura do ditame, e intervén o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que non teñen inconvincente se hai unha legalidade que o respalde, e fai referencia ao contido do informe de Intervención que lee parcialmente, e manifesta que parece que quedou solventado cunha contía de 3000 euros como máximo, e que o seu Grupo non está porque se fagan as cousas sen axustarse a dereito e reitera que non teñen inconvincente, que van votar a favor, pero que se respete a legalidade e pide que canto antes se aproben os presupostos, pedindo que traigan o mais pronto posible os presupostos para a súa aprobación, porque canto antes se faga, antes se solventarán as situacións de legalidade, en que pode verse inmerso este servizo se non hai consignación presupostaria.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que o seu Grupo quixo plasmar na Comisión informativa as dúbidas que tiñan, que eran bastantes, sobre a posta en marcha do servizo que entenden que é un servizo importante e que a experiencia piloto tivo unha importante acollida, polos veciños e entenden que foi tan interesante a posta en marcha deste servizo, que era un dos puntos programáticos do Partido Socialista nas anteriores eleccións municipais, e lles quedaban esas dúbidas e se parece que se vai cargar á partida do Plan concertado, e lle parece que se faga e que se tomen as medidas oportunas por parte da Alcaldía para que teña a cobertura legal pertinente, pero que lle parece que o que se debe rectificar son as declaracións do Alcalde de que vai ser un servizo que se vai poñer inmediatamente en funcionamento, porque entre este punto e o seguinte, que requerirá unha publicación e nos boletíns pertinentes van estar falando dunhos cantos meses antes de que así aconteza e salvando o tema desa inmediatez, o seu Grupo non ten inconvincente en votar a favor.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular manifesta que van apoiar a modalidade de xestión, que é o que se discute neste momento, e tampouco teñen problema coa Ordenanza reguladora pero queren facer un par de puntualizacións, poñendo as cousas no seu xusto término e a primeira é que se ben é un servizo importante e interesante, pero por agora se acolleron 17 persoas e era gratis, e polo tanto que poñan as cousas no seu sitio e que non crean os cidadáns que había 300 persoas e que pagaban un montón de cartos, e que por agora foi un plan experimental e gratuito de 17 persoas e máis que respecto ao que se discutiu na Comisión Informativa de si partida si ou partida non, se chegaba ou non, é a cuestión de que teña unha duración no tempo, o que debe suceder cando se plantexa un servizo e que é peor plantexar un servizo e cortalo que non plantexalo, e que polo tanto pide ao Goberno municipal que teña duración, que pense se vai ter duración no tempo, e reitera que eso de

que 17 persoas durante un tempo tiveran este servizo e de repente se quedaron sen nada é crearlles unhas expectativas que non son boas, e reitera que o interesante é que todo aquilo que se plantexa desde o Concello teña unha duración no tempo e a xente teña unha seguridade de que ese servizo vai a telo.

Intervén o Sr. Alcalde que di que quere intervir para matizar ou para aclarar as intervencións e que en primeiro lugar quere agradecer o apoio dos Grupos Municipais e manifesta que o servizo se fai con vocación de permanencia no tempo, e que a Ordenanza non será de aplicación inmediata, que non lle collan en sentido estricto o que dixo, xa que fai falla un mes de publicación, de exposición pública, e teñen a vontade de que unha vez cumprimentados os trámites administrativos se poña a funcionar, e que no que atinxe á legalidade todo o que fan se fai desde a legalidade, e saben que teñen xa consolidada unha axuda de 3.000 euros e reitera que os responsables de Vicepresidencia lles dixeron que se deran unha subvención no ano 2007 de xeito experimental, e se o servizo funcionaba ben e incluso lles gustou tamén de maneira experimental, para eles, o que se fixo en Ribadeo durante un mes con máis razón lles van a conceder unha nova axuda e manifesta que non se pode saber se vai haber 57 solicitantes ou 7 ou 17 e que haberá que acotar e ter un límite, segundo a dispoñibilidade presupostaria., pero reitera que todo o que faga se fará con respecto estricto á legalidade.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase a aprobación do ditame da Comisión Informativa e polo tanto acórdase:

1º. A aprobación como forma de xestión do Servizo de “Xantar sobre Rodas” baixo a modalidade de xestión directa do servizo, sen prexuízo do contrato de servizos que pida formalizarse cun terceiro nos termos e coas condicións a que se refire o TR da Lei de Contratos das AA.PP.

2º. Facultar á Alcaldía para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin do acordo adoptado.”

2008/06/18.- APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA REGULADORA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XANTAR SOBRE RODAS E ESTABLECEMENTO DO CORRESPONDENTE PREZO PÚBLICO.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dada conta da Proposta epigrafiada, e por parte da Alcaldía se pide ao Traballador Social que explique o contido da Ordenanza reguladora.

O Sr. Gegunde López explica que despois do funcionamento inicial dun mes, gratuíto, en que non se lle podía cobrar aos usuarios porque non había Ordenanza, foi todo con cargo ao Concello, e á vista das garantías sanitarias e de funcionamento que se precisan para o transporte aos domicilios consideraron que o mellor era contratar cunha empresa que tivera capacidade de ofrecer a comida dunha determinada maneira, e distribuírse unha vez á semana no domicilio dos usuarios, e que o resultado foi moi satisfactorio e así se concibe, entregando unha vez á semana en condicións higiénicas axeitadas o xantar no domicilio dos usuarios.

Prosegue afirmando que o prezo vai depender do número de usuarios e que pode haber unha pequena diferenza, polo tanto, no prezo do menú e que aparte da subvención dependerá da renda do usuario e que se vai prestar o servizo en todo o Concello sen facer distincións entre o rural e o urbano (toda vez que se formula unha pregunta neste senso polo Sr. Pérez Vacas).

Respecto a unha pregunta do Sr. Duarte Díaz sobre o número de persoas atendidas se manifesta polo Traballador Social que foron 17.

O Sr. Rodríguez Andina preguntase polo tanto se na Ordenanza reguladora existe unha cantidade que se estima como custo do servizo, respostándose polo Traballador Social que hai un custo do menú, e que o custo no mes de decembro era de 6,99 euros por menú/día, e que no Regulamento se establece unha parte subvencionable dependendo da renda do usuario, pero que todo iso pode variar dependendo do número de usuarios e de a quen se lle vai a dar, e tamén se contempla a posibilidade de que haxa persoas que poidan recibir o servizo directamente da Empresa, pagando o total.

O Sr. Duarte Díaz pregunta se outras persoas poden acceder en condicións plenas a ese servizo. Por parte do Traballador Social se contesta que si e que por parte do Concello unha vez que se saiba a cantidade de que se dispón, se sabe que con ela se cubren un número determinado de usuarios, e son o número de plazas que se ofertan, pero hai persoas que se non son obxecto de subvención poden dicir pola súa conta o pago directo do servizo.

Continúa explicando que pode haber algunha pequena diferenza no prezo do menú e que tamén segundo o número de usuarios aínda que o servizo se preste directamente pola empresa pode baixar o custo unitario.

Se delibera sobre este particular e incidentalmente se explica polo Traballador Social que a empresa despois da experiencia de Ribadeo contratou co Consorcio Galego de Servizos Sociais os menús de todos os Centros de día menos o de Ribadeo que ten cociñeira.

Por parte do Sr. Reymóndez Gancedo do Grupo UPRI se pregunta sobre os menús, respondendo o traballador Social que están compostos dun primeiro plato, un segundo e un postre, sen bebida.

O Sr. Rivas Álvarez do Grupo de UPRI pregunta se é condición para recibir o servizo ser maior de 65 anos ou prexubilado, contestando o Traballador Social que teñen que ser maiores de 65 anos.

O Sr. Alcalde pregunta se hai unanimidade neste punto e por parte dos representantes dos Grupos Municipais de PP, PSOE e UPRI se manifesta que se reservan para o Pleno, sinalándose por Secretaría que se contabilizará como abstención.

Visto o texto da Ordenanza reguladora que obra no expediente, e no que existen os informes de Secretaría e de Intervención, a aprobación inicial da Ordenanza obtén dous votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP, do PSOE e de UPRI), dictaminándose en consecuencia favorablemente para a aprobación polo Pleno municipal, conforme ao procedemento legalmente establecido.”

Non se efectúa deliberación, considerándose polos Sres. Concelleiros xa debatido xunto co punto anterior e se leva a cabo unicamente unha explicación sucinta por parte do Sr. Alcalde de que a proposta se fixo exclusivamente desde os Servizos Sociais e fai referencia a que se establecen diversas porcentaxes de aportación da referida ordenanza.

De seguido polo Pleno Municipal en votación ordinaria acórdase:

1º. A aprobación inicial da Ordenanza reguladora para prestación do servizo de Xantar sobre rodas e o establecemento do correspondente prezo público.

2º. A exposición ao público polo prazo de trinta días aos efectos de reclamacións e suxerencias, entendéndose definitivamente aprobada de non formularse ningunha.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/07/19.- MODIFICACIÓN DAS BASES DAS AXUDAS DA AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADEO (ARI) E APROBACION DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de 6 de marzo de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS DA A.R.I. DO CASCO HISTORICO DE RIBADEO.

Pola Alcaldía-Presidencia, á vista da proposta efectuada pola Oficina da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Ribadeo (ARI) en relación coa necesidade de adaptar as bases existentes á experiencia que se ten producido polos anos de xestión da Oficina, e ao mesmo tempo refundindo nun texto único as modificacións xa realizadas co obxecto de que se integren adecuadamente nun mesmo documento,

PROPONSE AO PLENO:

1º. A aprobación da modificación proposta e do subseguinte texto refundido das Bases de axudas da ARI.

2º. Facultar á Alcaldía para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin do acordo adoptado.

Obra no expediente a proposta da Oficina da Area de Rehabilitación, dándose conta por Secretaría das modificacións que proñoñen e do texto refundido que as integra xunto coas anteriormente efectuadas nun único texto.

Sen promoverse deliberación, por unanimidade dos membros presentes, se acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a modificación proposta e a aprobación do texto refundido das Bases.”

A Corporación, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º. A aprobación da modificación proposta e do subseguinte texto refundido das Bases de axudas da ARI.

2º. Facultar á Alcaldía para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin do acordo adoptado.

2008/08/20.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE RECOLLIDA DE ENVASES (CONTEADOR AMARELO) E EXPLOTACIÓN DO DEPÓSITO DE ENTULLOS E RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN DO PUNTO LIMPO.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de data 6 de marzo de 2008, que se transcribe de seguido:

“Dáse conta da Proposta da Alcaldía que obra no expediente de data 27 de febreiro de 2008 efectuándose unha explicación sucinta polo Sr. Alcalde sobre o asunto.

Non se promove deliberación manifestándose por parte dos portavoces dos Grupos Municipais de PSOE e UPRI que se reservan para o Pleno.

Os portavoces dos Grupos Municipais do BNG e do Partido Popular maniféstanse a favor da proposta da Alcaldía.

Por catro votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos do PSOE e de UPRI) propónse ao Pleno Municipal a adopción do acordo seguinte:

Que á vista do tempo transcurrido se proceda á adoptar o acordo de adxudicación do concurso referido segundo o ditame da Comisión Informativa de data 26 de decembro de 2007 nos termos da mesma, e dicir a adxudicación da licitación convocada para o contrato de concesión de servizos de recollida de envases (contedor amarelo) e explotación do depósito de entullos e residuos da construción e punto limpo a favor da Empresa URBASER S.A. sendo a de maior puntuación e sen prexuízo da admisibilidade ou non da oferta da UTE ISOLUX CORSAN - COTO RIBADEO S.A. conforme á proposta de adxudicación da Mesa de contratación do Concello de 17 de outubro de 2007 rexeitándose a emenda presentada polo Grupo Municipal de UPRI na que se propón a adxudicación a empresa de menor puntuación segundo os informes.

Iníciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que no primeiro Pleno sobre este asunto trouxeron un contrainforme e que unha vez que viron a documentación a estudiaaron e fixeron un repaso dos extremos en que non estaban de acordo pero non o podían facer antes porque non tiñan documentación; que a última proposta que fixeron foi que se enviase a documentación, xa que este expediente é do goberno anterior, vistos os erros que aparecían nos informes e visto o difícil que resultaba facerse un xuízo ecuánime, de que se enviase á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia, un organismo de recente creación que respostou dicindo que estaba en proceso de constitución e que no prazo que lle daban non podía responder.

Prosegue sinalando o Sr. Rivas Álvarez que foi o Sr. Reimundez Gancedo quen presentou unha emenda á proposta da Comisión Informativa con diferentes aspectos dos que adoecía, e motivando porqué se debía adxudicar á UTE e non a URBASER; que entre os informes que se presentaron está o de NOVOTEC de resposta ás alegacións formuladas por UPRI, e que no outro Pleno non o quixo rebatir, pero si agora, porque van votar en contra desta adxudicación, e o van explicar; porque nesa resposta de NOVOTEC ás alegacións se lle dá a razón á UPRI nos cinco primeiros puntos e se lle dá no 5º que todas as empresas están dadas de alta na Consellería como xestoras de residuos urbanos e perigosos para as actividades, procedendo á ler o Sr. Rivas Álvarez o que di ao respecto o informe de NOVOTEC, e sinala que é falso o que di porque a empresa URBASER está xestionando segundo o informe de Secretaría o depósito de entullos de A Guarda, e non figura dado de alta como xestor, e non figura así ns copias da páx. Web da Consellería e tampouco cumpre no Prego de Condicións o sinalado na cláusula 16, apartado h) que procede a ler o Sr. Rivas Álvarez, que reitera que non ten feita a inscrición nin a solicitude conforme ao esixido no Prego; que por outra banda NOVOTEC di en canto aos horarios que a UTE mantén o actual e o Sr. Rivas Álvarez pregúntase que cal é o actual, e di ao Pleno que todo o mundo o sabe e que di ademais que os lugares son habilitados pola empresa concesionaria para os puntos limpios novos e iso non se di nos Pregos, di ademais que URBASER achega modelos de documentos, e o caso da UTE valóranos como estricto cumprimento do Prego, e pregunta cómo van documentarse os residuos e se pregunta se a UTE non está presentando, neste caso unha das empresas da UTE, como está documentando os residuos do punto limpo e do depósito de entullos, e se non é a documentación que obra no Concello, e se non é certo que a documentación que obra nas Administracións non hai que aportalas, e en relación ao que din do *software* e do *hardware* se teñen os documentos, é que teñen o *software*, senón non os poderían ter aportados.

Prosegue sinalando o Sr. Rivas Álvarez que ademais o Concello con esta adxudicación vai deixar de ingresar unha cantidade importante de cartos e se refire a que no ano 2007 se consignou no presuposto municipal 210.000 euros e se pode dicir que foi unha cousa extraordinaria, e pregunta se se verteron ou non se verteron, e se se verteron se recadaron.

Continúa o Sr. Rivas Álvarez indicando que o Concello vai recadar como máximo 1.800 euros coa empresas á que se vai adxudicar.

O Sr. Rivas Álvarez a continuación pasa a mencionar que no informe de Secretaría - do que lee durante a súa intervención varios fragmentos,-se di que UPRI efectivamente non aporta elementos técnicos que xustifiquen a súa proposta pero son políticos, e aínda que ás veces fan de todo, son persoas que se adican a servir aos veciños, sinalando que nunha parte do informe de Secretaría se alude a que URBASER aportou certificación de ser adxudicatario do depósito de entullos de A Garda, e se o xestiona, se pregunta como é que non aporta o documento de estar inscrito no rexistro de xestores autorizados, e pregunta que como se di no informe de NOVOTEC que cumpre os requisitos, se non é certo. O Sr. Rivas Álvarez compara cos cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua que puntúan nas oposicións, e teñen que ser demostrados documentalmente.

O Sr. Rivas Álvarez prosegue lendo diversas partes do informe de Secretaría obrante no expediente, mostrando a súa disconformidade co mesmo; reitera así mesmo o Sr. Rivas Álvarez que na Administración é básica a acreditación documental e que considera que URBASER xestiona ilegalmente ese vertedoiro de A Guarda e non está rexistrada como xestor do mesmo.

Prosegue manifestando o Sr. Rivas Álvarez tras reiterar que non aporta URBASER o referido documento, que os veciños coa proposta de URBASER terán que pagar 3,40 euros, vindo acompañados dun certificado de empadramento e ata agora non se pagaba nada, e impoñer un gravame, e isto vai ocasionar vertedoiros incontrolados e vai suceder como coa recollida de enseres, desde que se puxo a taxa.

Manifesta tamén o Sr. Rivas Álvarez que como Grupo non podían facer a impugnación ante a Mesa de contratación, xa que daquela non eran Grupo,nin sequera Concelleiros.

Prosegue sinalando o Sr. Rivas Álvarez que son informes dunha empresa privada, dunha parte, e que pode enfrontarse o Concello a unha reclamación de danos e perdas e que se o vertedoiro estaba funcionando correctamente pregunta que prisa hai xa que o que fixo o seu grupo foi aforrar 3,40 euros a cada veciño e que o Concello siga recadando. O Sr. Rivas Álvarez fai referencia a que os informes que existen de NOVOTEC son dunha empresa privada e que o Concello pode atoparse ante unha reclamación de danos e perdas, de beneficio industrial e lucro cesante, e que o punto limpo e o vertedoiro de entullos están funcionando correctamente e os contenedores amarelos tamén, e polo tanto se pregunta que presa hai en adxudicar, e non agardar polo informe, e reitera que o tempo transcurrido foi un aforro para os veciños e favoreceu que o Concello siga recadando.

Repite que o Concello vai a deixar de ingresar unha cantidade importante e que URBASER non está de alta no Rexistro como xestor autorizado e pregunta porque se adxudica con eses antecedentes e porque non se agarda e pregunta tamén se tanta presa hai, ou se o está facendo tan mal a empresa.

Manifesta tamén en relación ao que di no informe de Secretaría que pode ser obxecto de impugnación o acordo e en todo caso que saiban que hai unha obriga para URBASER de subrogarse nos traballadores para que non se leven a erro e anuncia que van votar en contra.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde que manifesta que quere facer unha precisión ao Sr. Rivas Álvarez respectando o seu dereito a intervir, pero que lle chama a atención que na Comisión informativa non fale e que agora se descargue con esta intervención, e que ten todo o dereito do mundo, pero que hai máis asuntos que tratar, e a sesión ten que facerse máis dinámica, para que as cousas se debatan, pero cun criterio razoable.

Por parte do Sr. Rivas Álvarez maniféstase que procurará ser breve, pero que era necesario que o dixera todo.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que entende que é un tema moi debatido e que xa é a terceira vez que ven á sesión, e que o seu Grupo entende -e de ahí o que vai ser un voto de abstención - que debe ser o goberno quen decida, xa que creen que se quebra un pouco a vontade plenaria cando se decide sen ter ese informe da Xunta Consultiva de Contratación e que o seu Grupo non ve a presa, que o servizo segue funcionando; reitera que se van abster e que é unha decisión do goberno, pero que cree que debían ter esperado, xa que o que se decidiu foi ter ese informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e reitera que o servizo segue funcionando pero debía agardarse á emisión dese informe por existir dúbidas dabondo nos plenos anteriores.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que coincide co portavoz do PSOE, de que levan tres plenos con este debate, pero que vai facer un pouco de historia, breve, porque os veciños deben saber como foi o asunto. Sinala que houbo un primeiro pleno en que o que sucedeu foi que UPRI presentou unha emenda, e que se levantou a sesión e se suspendeu provisionalmente, e os portavoces municipais se xuntaron para aceptar a emenda de UPRI e que o asunto quedase sobre a mesa e que se emitiran os informes correspondentes; logo o asunto veu a unha segunda sesión cos informes correspondentes, nunha dirección clara, que era ratificando o que xa viña na sesión anterior e entón UPRI propón que se eleve á Xunta Consultiva e se acepta, e propoñen que nun mes o que diga a Xunta Consultiva se acepte; o Sr. Rodríguez Andina pregunta ao Pleno se se trata de que sexa como sexa, ou se é que ten que ser dun xeito determinado, e posto que hai un acordo plenario de fai un mes e nel di, que se a Xunta Consultiva houbera sinalado unha solución concreta estaba acordado previamente que se efectuaría, pero resulta que colleron unha Xunta Consultiva que no está nin conformada, que non existen físicamente os membros da mesma, e que foi coller as cousas por collelas, para ir dilatando, nunha dirección determinada.

Segue manifestando o Sr. Rodríguez Andina que o Grupo Popular cree que xa está ben, e que hai que ter seriedade e que deron todos os pasos e aceptaron todo o que lles dixeron os membros de UPRI durante dous Plenos, e agora acéptase o que se acordou no último Pleno que foi por unanimidade, que se no prazo dun mes a Xunta consultiva non contestaba non había máis que facer e que se daba un prazo dun mes e se aceptaría o que informase ese órgano, pero non contestou, e o acordo está tomado e non van estar “mareando a perdiz” constantemente, e pregunta se se trata de resolver o que sexa xusto ou o que salga nunha dirección determinada, e é o que non remata de entender, xa que o asunto está visto por tres veces, e por iso o Grupo Popular a pesar de todo o que vai pasar a partir de mañán segue mantendo que apoia a proposta de adxudicación.

Intervén o Sr. Alcalde que manifesta que tamén lle disgusta ao seu Grupo, xa que é un tema que facendo unha retrospectiva é do seguinte xeito: que o Alcalde que está no exercicio do cargo non creou o expediente, e foi o anterior Alcalde e Corporación, que non participou na Mesa de contratación, e o seu Grupo tiña que traelo porque durante 4 anos o servizo estivo funcionando de maneira tácita, case sen contrato, e houbo cuestionamentos desde a oposición e estíbese cun contrato de seis meses desde o 2003 sen renovar e estíbese á altura de 2007.

O Sr. Alcalde reitera que foi o anterior Alcalde quen incoou o expediente e que pola súa parte segue a tramitación existindo os criterios técnicos que son os que figuran no expediente, do anterior mandato, que se trae a Pleno e se produce o que sinalou o portavoz do Partido Popular e existen os informes técnicos de Secretaría e dunha empresa Consultora, que é unha empresa privada, pero que tamén certifican respecto a cando os edificios teñen resistencia e tamén vale.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que é andar terxiversando por parte do Sr. Rivas de que poida haber reclamacións de danos e perdas, se ben claro que todo está aberto na vía contencioso-administrativa, pero que sería moi curioso que cos informes técnicos nun sentido

a Corporación adoptara o acordo nun sentido contrario e o resultado xurídico-contencioso - ironiza o Sr. Alcalde- ía ser moi bo para o Concello, e iso lle parece moi ben.

Respecto ao que di o Sr. Rivas Álvarez de pagar os veciños, non sabe de donde o saca e como o ten oído nos últimos días, e mirando a proposta de URBASER - que é lida polo Sr. Alcalde neste punto - na mesma di que se solicitará o DNI ou o certificado de empadramento para comprobar a veciñanza, pero é que en todo caso, un volante de empadramento acredita perfectamente esta circunstancia e non costa nada, e tampouco se trata de que todo o mundo ande cun papel baixo do brazo, e se é de Ribadeo figura no DNI.

O Sr. Rivas pola súa parte reitera o sinalado por URBASER respecto do certificado de empadramento, e o Sr. Alcalde lle resposta que lle garantiza que ningún veciño terá que aboar un certificado de empadramento para usa-lo punto limpo.

O Sr. Alcalde ademais manifesta que xa o dixo mais veces, e que tanto lles da unha empresa como outra, pero non vai cuestionar os informes técnicos, por moito que faga o Sr. Rivas informes técnico-xurídico-políticos, que digan outra cousa, e con eso remata coas conclusións do informe técnico, que non político, e de seguido por parte do Sr. Alcalde procédese á lectura dunha parte do informe de Secretaría obrante no expediente e sinala que non lle vai dar mais voltas á cuestión.

Pasado a votación o asunto polo Pleno Municipal, por oito votos a favor (dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) dous en contra (dos Concelleiros do Grupo UPRI) e tres abstencións (dos membros do Grupo Municipal Socialista), acórdase:

1º. A adxudicación da licitación convocada para o contrato de concesión de servizos de recollida de envases (contedor amarelo) e explotación do depósito de entullos e residuos da construción e punto limpo a favor da Empresa URBASER S.A. conforme á proposta de adxudicación da Mesa de contratación do Concello de 17 de outubro de 2007, e de conformidade así mesmo co ditame da Comisión Informativa.

2º. Rexeitar a emenda presentada polo Grupo Municipal de UPRI na que se propón a adxudicación a empresa de menor puntuación segundo os informes.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites e xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/09/21.- PETICION DE SUBVENCIÓN PARA PLANEAMENTO URBANÍSTICO AO ABEIRO DA ORDE DE 28 DE DECEMBRO DE 2007 POLA QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS DE GALIZA PARA REDACCION DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DURANTE O ANO 2008.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de 6 de marzo de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PETICION DE SUBVENCIONS AO ABEIRO DA ORDE DE 19 DE DECEMBRO DE 2007 REGULADORA DA CONCESION DE SUBVENCIONS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A REDACCION DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANISTICO PARA PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL E PEPRI DO CASCO ANTIGO DE RIBADEO DURANTE O ANO 2008.

Pola Alcaldía-Presidencia á vista de que con posterioridade ao acordo adoptado por este Concello con data 28 de decembro de 2007 de mellora da petición de subvención efectuada

en relación á que fora solicitada ao abeiro da Orde de 20 de abril de 2007, se ten comunicado verbalmente aos servizos da Corporación que non é posible por razóns de intervención acceder á mellora de solicitude e que é necesario que o Concello efectúe unha petición conforme á nova convocatoria.

Visto o disposto no artigo 5º apartado f) da Orde de 28 de decembro de 2007 reguladora da concesión de subvención aos Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico para 2008, importando, segundo o presuposto elaborado as cantidades de 202.350,00 euros para o Plan Xeral de Ordenación Municipal cunha subvención a solicitar de 182.115,00 euros, e para un presuposto de conformidade co OBES de 604.280,25 para o PEPRI do casco antigo de Ribadeo, solicitaríase unha subvención de 543.852,22 euros.

Visto que xa foron libradas, respectivamente para o PXOM 62.664, 69 Euros e 37.706 para o PEPRI, polo que corresponderá solicitar unha subvención deducidas esas cantidades

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL, a adopción dos seguintes acordos:

1º. Solicitar ao abeiro do disposto na Orde de 28 de decembro de 2007 epigrafiada a concesión de dúas subvencións ao Concello de Ribadeo para a redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico seguintes:

- a) Plan Xeral de Ordenación Municipal: Realización de traballos complementarios por importe de 119.450, 31 euros, para un presuposto de 202.350,00 euros, deducidos os xa sinalados 62.664, 69 Euros.
- b) Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Ribadeo (PEPRI): Adaptación á Lei e finalización dos traballos de redacción, por importe de 506,146,22 euros, para un presuposto de 604.280,25 euros, deducidos os xa sinalados 37.706 Euros

2º. A aceptación dos requisitos da convocatoria.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin do acordo, en nome e representación do Concello.”

Por Secretaría se efectúa unha explicación sucinta sobre as incidencias da petición da mellora da subvención de 2007 que fora acordada polo Pleno e a imposibilidade por razóns de Intervención da Consellería de poder incrementar a subvención do 2007 polo que compre acollerse á do 2008.

Pola Comisión Municipal Informativa, por unanimidade, dictamínase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía. “

Sen promoverse deliberación por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. Solicitar ao abeiro do disposto na Orde de 28 de decembro de 2007 epigrafiada a concesión de dúas subvencións ao Concello de Ribadeo para a redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico seguintes:

- a) Plan Xeral de Ordenación Municipal: Realización de traballos complementarios por importe de 119.450, 31 euros, para un presuposto de 202.350,00 euros, deducidos os xa sinalados 62.664, 69 Euros.
- b) Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Ribadeo (PEPRI): Adaptación á Lei e finalización dos traballos de redacción, por importe de 506,146,22 euros, para un presuposto de 604.280,25 euros, deducidos os xa sinalados 37.706 Euros

2º. A aceptación dos requisitos da convocatoria.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin do acordo, en nome e representación do Concello.”

2008/10/22.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de 6 de marzo de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta do documento elaborado pola consultora EPTISA para a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que veu precedido doutras reunión da Comisión Informativa, examinándose polos membros da Comisión xunto cos técnicos de EPTISA uns planos xerais da totalidade do termo municipal, e facéndose entrega no acto aos representantes dos Grupos dun exemplar en soporte informático do referido Plan.

Por parte dos técnicos de EPTISA explicase os Sres.Concelleiros o traballo elaborado.

Sendo as dezaoito horas e corenta minutos abandona a xuntanza o Sr. Pérez Vacas.

Prosegue a reunión explicándose polos técnicos de EPTISA os cálculos que volveron a realizar e o xeito en que reflectiron as modificacións acordadas nas reunións das Comisións, respostándose as cuestións suscitadas polos membros da Comisión.

Deliberase no seo da Comisión sobre a suspensión de licenzas manifestándose que debe estarse ao réxime previsto na Lei 9/2002, de 30 de decembro e no Regulamento de Planeamento en relación as diferencias que poidan producirse entre os dous planeamentos, entre o planeamento vixente ata o momento de aprobación do Plan e a propia regulación que se pretende, aplicándose onde non coincida o réxime máis restrictivo de ambos os dous.

Deliberase sobre o prazo de exposición ao público, toda vez que é preciso expoñer simultaneamente tanto o propio Plan como o proceso de avaliación ambiental estratéxica.

Por Secretaría Dáse conta de que o acordo de aprobación inicial requirirá a maioría absoluta legal como se sinala no informe emitido.

Polos técnicos de EPTISA Dáse conta de que de conformidade co disposto na Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia é preciso que se faga durante dous meses, a tenor do que, de conformidade co disposto no artigo 7º o Plan aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran, incluído o informe de sustentabilidade ambiental someterase simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e a información pública durante o prazo mínimo de 2 meses mediante anuncios que se publicarán na forma que determine a lexislación reguladora do procedemento de aprobación do Plan, debendo estarse á restante tramitación prevista na referida Lei e disposicións complementarias.

Procédese a deliberar entre os membros da Comisión sobre a aprobación inicial do Plan e de seguido por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e catro abstencións (dos membros dos Grupos Municipais Popular, Socialista e de UPRI) acórdase dictaminar favorablemente para a súa adopción polo Pleno municipal, conforme ao disposto no artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e co disposto igualmente no nos artigos e 11 1, 2 e 3 da Lei 8/2007, de 28 de maio do Solo e 7 da vixente Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, dos acordos seguintes:

1º. A aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo, documento de data marzo de 2008, redactado pola Empresa EPTISA.

2º. A exposición pública do referido Plan así como do Informe de sostenibilidade ambiental, polo prazo de dous meses, efectuándose a publicación dos anuncios correspondentes nos Diarios oficiais e en dous dos periódicos de maior circulación na provincia, e simultaneamente e durante o mesmo prazo se dará audiencia aos Concellos limítrofes.

3º. A suspensión de licenzas na totalidade do ámbito do Plan efectuándose igualmente a publicación da mesma de conformidade co disposto no artigo 77 da Lei 9/2002, polo prazo de dous anos.

4º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Alcalde que manifesta en síntese que despois de catro meses de traballo de todos os Grupos municipais, hoxe se presenta para a súa aprobación inicial o Plan.

Intervén a continuación o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que Ribadeo non pode estar sen un Plan Xeral e que é un Plan de urxencia, e fai referencia ao informe de Secretaría, e que é o momento de mirar cara a diante e non de reprochar a ninguén nada, que calquera Plan Xeral é mellor que o que teñen na actualidade, e que teñen participado e que o Plan é froito do traballo de todos e que van apoiar a aprobación inicial e que estarán atentos ás alegacións e a que se resolvan con criterios racionais e sempre mirando polos intereses xerais, e nese caso seguirá apoiando a súa tramitación.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que sinala que o seu Grupo cree que hoxe é un día importante, e que este instrumento de Ordenación Urbana é froito do consenso, que lle gustaría que se estendera a outros temas prioritarios que aínda están pendentes, e que ten na cabeza o Polígono Industrial, e cree que é un día vital para o futuro desenvolvemento urbanístico da Vila, e que o seu Grupo vai apoiar con moitas gañas a aprobación inicial, pero quere recoller unha serie de prioridades, que o goberno debe levar adiante, e é que existan as máximas facilidades para a consulta, que se faga durante dous meses e se facilite a maior posibilidade de transparencia de tal xeito que poida chegar a todos os veciños, que se esgote o tempo que permite a Lei, que se informe polos técnicos municipais e da empresa e que poida chegar a todos os veciños interesados un DVD co planeamento.

Reitera o Sr. Pérez Vacas que cree que é froito do consenso dos Grupos despois de moitos meses de traballo e creen que significa ir mirando para o futuro e cambiar o método de traballo en canto ao que era o Planeamento urbanístico.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que di que van mirar o futuro con esperanza, pero que algo teñen que dicir do pasado, porque resulta que gobernaron no Concello durante 8 anos, plantexaron un Plan cando gobernaban, e é falso o que aparece nun medio de comunicación de que é a primeira vez nestes últimos anos en que se trae a aprobación un PXOM, que non é certo xa que o equipo de goberno do Sr. Rodríguez Andina no período 2001-2002 presentou un Plan a aprobación inicial e saben do que están a falar, e quixeran empezar dalgunha maneira dicindo que hoxe podería ser o primeiro día da vinganza, en xusta correspondencia co que lle pasou ao Grupo do PP, e que é moito máis bonito dicir que hoxe é un día moi importante para levar a aprobación inicial, que é necesario para todos, é verdade, que é convinte pero tamén é verdade que no ano 2001 era necesario, era convinte, era interesante, e nos anos 2001 e 2002 o Grupo do Partido Popular como goberno municipal tivo acusacións importantes, e na exposición pública se produciron 1500 alegacións, a maioría delas incitadas polos Grupos da oposición que hoxe son responsables fundamentais da redacción do Plan e ademais non as presentaron como alegacións ao Plan, senón como agresións ao goberno municipal, isto hai que recordalo, porque senón todo é moi bonito e todos se visten de rosa, e tampouco é iso.

Prosegue o Sr. Rodríguez Andina manifestando que polo tanto podía iniciar o Partido Popular unha campaña na mesma dirección é dicir, botar aos veciños contra o goberno municipal, contra os redactores, porque poderían dicir o que eles dicían naquel momento, porque efectivamente o PXOM actual é máis restrictivo que o que presentaba o PP, e iso é certo, en calificación de solos, en núcleos rurais, en áreas de expansión de núcleos rurais, e en Convenios urbanísticos, reiterando que é moito máis restrictivo e a iso podían acollerse, como fixeron PSOE e BNG no seu momento, e sabendo como sabían PSOE e BNG igual que agora, que non é certo o que vai dicir e sería dicir que este Goberno non se preocupa polos cidadáns, que o quere é machacalos, e que con tal de facer un documento e que tire para adiante xa está, e reitera que o seu Grupo podería facelo.

Incidentalmente o Sr. Pérez Vacas di ao Sr. Rodríguez Andina que non ten responsabilidade en nada do que está dicindo, que él non era responsable naquel momento e o Sr. Rodríguez Andina lle di que él é o portavoz do PSOE, grupo que estaba na oposición naquel momento.

Prosegue o Sr. Rodríguez Andina, retomando a súa intervención, dicindo que afirmar iso sería tan falso como cando llo dixeron a él o PSOE e o BNG respecto do Goberno do Partido Popular e non o vai a facer, e tamén leva traballando o Grupo Popular como o resto dos Grupos Políticos varios meses, e cree que con toda honestidade e claridade e con esforzo para que todo saia adiante, igual que os demais sen un paso máis pero tampouco cun paso menos, e se diferencian tamen dos outros Grupos en que en moitas ocasións cando os outros Grupos que estaban na oposición lles chamaron demagogos, diferencianse en moitas cousas, e nunha delas en que son responsables e queren o mellor para os veciños, e están neso, en vez de entrar nesa guerra que sería a cómoda e a fácil, a de dicir que son moi malos, e fronte a iso tamén van a votar a favor da aprobación inicial por varias razóns, a primeira é que é imprescindible como era no 2002 ter un PXOM, a segunda é que a situación de inseguridade xurídica o fai totalmente imprescindible, e a terceira é que as razóns políticas non pode prexudicar aos cidadáns de Ribadeo.

Manifesta tamén o Sr. Rodríguez Andina que se trata dun apoio crítico, que creen que o Plan é mellorable, todos os Grupos, que tampouco se van a colgar nada, que pode incorporar aportacións de veciños e Asociacións, e quere recomendar aos veciños que se tomen a molestia de velo, que o Plan é para eles, que vexan como lles afecta e que o seu Grupo se compromete a analizar co quen o desexe aportacións e que se compromete a estudar as alegacións e apoiar as razoables e que cumbran a legalidade, e se compromete a apoiar ante a Dirección Xeral de Urbanismo as peticións dos veciños, todas as propostas razoables e legais, e de maneira especial coa maior flexibilidade para as áreas de expansión dos núcleos rurais e os propios núcleos; que cree que este Plan pode mellorarse, e nese sentido estarán do lado dos veciños e unicamente van a aprobación inicial para procurar que Ribadeo acabe tendo un Plan á maior brevedade posible.

Intervén o Sr. Alcalde que agradece as intervencións dos portavoces e Grupos e que é obvio que subscribe o que dixeron todos, e que se se poñen a rabuñar se tiran os trastes, e que todos se levan chamadas unhas cantas, pero é así, e tiveron discrepancias pero pode ser un exemplo Ribadeo, e para todos os Concellos de A Mariña e non lle cabe dúbida e para todo o país, xa que se trata dun documento de mínimos e Ribadeo está nun momento óptimo e non está estropeado como outros Concellos moi próximos, e poden medrar ordenadamente cumprindo a lei do Solo actual e as directrices sectoriais, que habería unha marxe para a interpretación e que cree que sexan os trece quen aprobe é bo, non pola situación do goberno municipal, senón para que se copie noutros Concellos porque este Plan arrancará e tardará un tempo en aprobarse e seguramente serán outras Corporacións, a que veña, quen lle poida ir sacando aproveitamento de verdade ás plusvalías para os veciños, e non esta, que lle vai tocar o mal trago, redactalo, e ter moitas veces que soportar as incompreensións dos veciños e ás veces terán razón e outras non, e terán que enfrontarse á verdade das cousas e á legalidade.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que o exemplo debería copiarse a tardarán un tempo en telo aprobado, e reitera que quen veña pode aproveitar as plusvalías e non este goberno que soportará as incompreensións, e considera que o momento lles honra a todos e que é de aplaudir porque é un mérito para todos, e que ninguén pense que vai ser un mérito para o goberno municipal, que será para todos aínda que hoxe vaia por unanimidade as alegacións non van ir contra os trece senón contra o Alcalde, e que é o *rol* que lles toca xogar.

Sinala así mesmo o Sr. Alcalde que se darán as máximas facilidade, expoñéndoo durante dous meses, e que mañá mesmo, se tecnicamente é posible, se colgará na páx. Web, que se habilitará a Oficina de turismo vella, un sistema de citas para que non se agobien, que estarán informando o arquitecto municipal e os técnicos de EPTISA que se desprazarán periodicamente e que convida aos veciños a revisalo, que fagan as alegacións e que sen dúbida será para melloralo, e que quedan trámites importantes por realizar de exposición, alegacións, aprobación provisional, etc., e que confía que ese tempo sexan uns meses, que non pode dicir cantos pero que sexa o menor tempo posible, porque desde agora vai estar paralizado a nivel constructivo, que xa o está de facto, porque o Plan actual está contraindicado e agora formalmente vaise suspender e so haberá licenzas menores. O Sr. Alcalde reitera o seu agradecemento aos Grupos municipais.

De seguido polo Pleno municipal por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. A aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo, documento de data marzo de 2008, redactado pola Empresa EPTISA.

2º. A exposición pública do referido Plan así como do Informe de sostenibilidade ambiental, polo prazo de dous meses, efectuándose a publicación dos anuncios correspondentes nos Diarios oficiais e en dous dos periódicos de maior circulación na provincia, e simultaneamente e durante o mesmo prazo se dará audiencia aos Concellos limítrofes.

3º. A suspensión de licenzas na totalidade do ámbito do Plan efectuándose igualmente a publicación da mesma de conformidade co disposto no artigo 77 da Lei 9/2002, polo prazo de dous anos.

4º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

2008/11/23.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE PROPOSTA DE ACTUACIÓN INTEGRAL SOBRE A RÚA LEOPOLDO CALVO SOTELO.

Por parte do Sr. López Penabad do Grupo Municipal Popular procedese á lectura da Moción que se transcribe literalmente:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA (PPdeG) no Concello de Ribadeo a través do seu concelleiro D. Jesús López Penabad en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

PROPOSTA DE ACTUACIÓN INTEGRAL SOBRE A RÚA LEOPOLDO CALVO SOTELO

Polas seguintes razóns:

O progreso e desenvolvemento económico, social e turístico, da nosa vila depende do bo funcionamento do sector servizos.

A rúa Leopoldo Calvo Sotelo desemboca na rúa Rodríguez Murias, rúa claramente comercial e de paseo no pobo.

Estase ampliando a zona comercial de Ribadeo, abríndose distintos negocios nos baixos desta rúa.

Detrás do Cine Teatro hai unha pequena zona de espaxamento que debe ser utilizada polos ribadenses.

Esta rúa é un acceso de viandantes ao porto e a distintos miradoiros sobre a Ría.

Considerando que debemos levar a cabo todas as actuacións que sexan necesarias e convenientes para a mellora de Ribadeo o grupo popular municipal considera prioritaria unha actuación integral sobre a Rúa Leopoldo Calvo Sotelo.

Dita actuación levaríase a cabo baixo o amparo da Centro Comercial Aberto”

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Reymóndez Gancedo do Grupo Municipal de UPRI que pregunta ao Sr. López Penabad que entende o PP por unha actuación integral na rúa Calvo Sotelo, respostando o referido Concelleiro que non son técnicos na materia e o que queren e que os técnicos avalíen o que hai que facer e que a rúa está en condicións pésimas, e en linguaxe coloquial “que lle metan mao”, e que fagan o que consideren oportuno que non o vai especificar concretamente .

Volta a intervenir o Sr. Reymóndez Gancedo que manifesta que o que pasa nesa rúa tamén pasa noutras moitas rúas en Ribadeo e quere preguntarlle se quere peonalizar, humanizar, ou semipeonalizar.

O Sr. López Penabad resposta que se fará o que os técnicos consideren oportuno e que non vai precisar mais, que non é técnico na materia, e que respecto a porqué esa rúa en concreto, o remata de expoñer e estanse abrindo comercios de seguido e considera que é estrictamente necesario.

O Sr. Reymóndez Gancedo volta manifestar que segue sen entender o que queren, reiterando o Sr. López Penabad que quere que os técnicos do Concello pasen pola rúa, a visiten, e vexan o que se pode facer nela, simplemente. O Sr. Reymóndez Gancedo volta a preguntar se se vai peonalizar ou non esa rúa.

Intervén o Sr. Alcalde que manifesta que é un Pleno dunha Corporación e non un xulgado, e que o debate non é así, e que os debates os regula o Alcalde e que cada cal de unha opinión pero logo se vota.

O Sr. Reymóndez Gancedo pide desculpas pero di que non entende a Moción, que ve moita “palla” na mesma.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que entenden a Moción e a van apoiar, o que non entende moi ben, é de onde vai saír o financiamento e se se vai facer con cargo a ese convenio do Centro Comercial aberto ou se vai vir a través dunha subvención, e que toda vez que todos os anos se fixo algunha pide que busquen a financiamento, que se redacte o proxecto e logo se verá se se peonaliza ou non.

Intervén tamén o Sr. Alcalde que manifesta que tamén entendeu a Moción e que supón a intención de amañar unha rúa comercial, que ten moitos establecementos inseridos no Centro comercial aberto e polo tanto é unha das mais necesitadas e o subscriben e van votar a favor e deben aproveitar a liña de actuacións coa Dirección Xeral de Comercio para esta rúa, como fixeron nos últimos anos, cada ano unha rúa, e que esta é unha das rúas mais necesitadas agora mesmo e lles parece correcto.

Intervén a continuación o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI, que di que está de acordo con todos os intervintes, que merece unha actuación esa rúa, pero que non están de acordo en que se peonalice sen máis, sen solucionar a cuestión dos aparcadoiros cousa que non pretende a moción, parece ser, e que no primeiro tramo da rúa hai 70 prazas de aparcadoiros, e fai referencia a varias rúas que se poderían amañar (continuación da Rúa Reinante, tramo final, tramo de San Francisco, sen saltar dun lado a outro), mencionando que consideran que non se pode apoiar a Moción a cegas, e sen que se diga o que se vai facer, considerando que debe darse solución antes de seguir peonalizando, e que se non teñen aparcadoiros botan a xente fora e que é fundamental.

O Sr. López Penabad pola súa parte volta intervir manifestando que xa o seu Grupo presentou antes unha Moción sobre os aparcadoiros.

Polo Pleno municipal, sen máis, por unanimidade en votación ordinaria acórdase;

1º. A aprobación da Moción e a redacción dun proxecto de rehabilitación integral da rúa Calvo Sotelo, procedéndose ao arranxo da mesma.

2º. Instar a financiamento da referida actuación por parte da Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde manifesta en primeiro lugar que ten pendente de contestación preguntas do Grupo Municipal Popular que esqueceu contestar na derradeira sesión, polo que pediu desculpas no seu momento.

Preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular pendentes da sesión anterior.-

Respecto as preguntas formuladas sobre a Lei de Dependencia á pregunta de cal é o número de persoas dependentes neste Concello polo Sr. Alcalde respostase que non existe un censo de persoas dependentes, pero si de minusválidos recoñecidos, e que segundo o listado da Vicepresidencia da Igualdade son con datos do ano 2006, 355 minusválidos, e que os mesmos teñen igual ou mais do 33 por cento, e 129 teñen un 75% de minusvalía recoñecida polo que se considera precisan a axuda dunha terceira persoa.

Respecto á segunda pregunta, sinalase polo Sr. Alcalde que segundo lle informan desde o servizo social municipal, que si que se informa, e que existe unha oficina de información no Centro de Servizos Sociais que depende da Vicepresidencia.

Respostase así mesmo que, a día de hoxe tramitáronse a través dos Servizos Sociais municipais 140 expedientes de solicitude de avaliación da dependencia que contan co preceptivo informe social do Traballador municipal e que tamén informou os expedientes da oficina que a Vicepresidencia tivo aberta no Centro de Servizos Sociais.

Así mesmo por parte do Sr. Alcalde se contesta que o proceso administrativo deste asunto é longo, porque implica primeiro unha solicitude, logo un informe do Servizo Social municipal, avaliación da solicitude por un terapeuta ocupacional, resolución e realización dun Plan individual de actuación, e que actualmente están a chegar as primeiras resolucións e os primeiros planes individuais de actuación.

Por parte da Sra. Sanjurjo Santar do Grupo Municipal Popular se formula ao Alcalde a pregunta de se polo tanto non se resolveu ningunha, respondendo o Sr. Alcalde que está contestando cos datos que lle deron e que están chegando as resolucións.

En relación á última pregunta formulada sobre este asunto se contesta polo Alcalde que ao longo do proceso houbo varias reunións na Delegación Provincial da Vicepresidencia para profesionais dos servizos sociais, e que como é lóxico, o Traballador Social asistiu en representación do Concello.

Preguntas do Grupo Municipal de UPRI

En relación á pregunta formulada polo Grupo UPRI sobre a actividade dun gabinete de prensa polo Sr. Alcalde contéstase que o contrato do gabinete de comunicación foi asinado en febreiro de 2008, polo prazo dun ano prorrogable por período similar sempre que non haxa denuncia expresa por calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses, e que o

custo será de 6.960 euros, IVE incluído ao ano, e que aínda que non lle pregunta, a idea de todo isto é porque no Concello o Alcalde e o seu equipo de goberno necesitaban dun gabinete de comunicación para canalizar toda a información que xeran, xa que para facela chegar aos medios da zona polos seus propios medios en horario de mañá suporía ter que dedicar varias horas a iso, son varios os medios, en detrimento doutras cousas importantes para o Concello e para a atención dos veciños, pero que para maior abundamento hai outros Concellos de Galiza cerca de aquí nesta mesma comarca que contan con gabinetes de prensa propios, que son moito mais caros porque teñen que costear o desembolso anual dunha persoa, ou outros, contratar gabinetes externos con empresas como coa que se asinou aquí, Faro Norte, e fai referencia o Sr. Alcalde a que hai gabinetes de comunicación en Melide, en Boiro, en Vimianzo, en Monforte, en Cervo, en Betanzos e nunha serie deles mais, e na Mariña de Lugo teñen Barreiros e Burela que tamén contan con este gabinete de Faro Norte.

Sobre unha pregunta longa, respecto á instalación de carteis na precampaña electoral que é bastante longa polo Sr. Alcalde respóndese que foron colocados na época da pre-campaña para as eleccións de onte, e respecto á serie de preguntas que se formulan a contestación, xenérica para todas as preguntas, é que entende que foi unha propaganda de pre-campaña que se fai habitualmente non en este Concello, senón tamén noutros e que entende a campaña como unha campaña formal e unha precampaña, e en todo caso o que tiña que facer o Sr. Rivas Álvarez era presentar se non estaba conforme, unha denuncia na Xunta Electoral como fixo algún outro partido e a través da Xunta Electoral nuns concellos ordenou retiralos e noutros non, e que polo tanto era lóxico que se dirixira a Xunta Electoral ao Alcalde no uso da palabra.

O Sr. Rivas Álvarez manifesta que o Sr. Alcalde está terxiversando as cousas e que non é iso o que se di, que o que se lle di é que está infrinxindo a Ordenanza municipal de Medio Ambiente, que está en vigor.

O Sr. Alcalde contéstalle que o Sr. Rivas Álvarez fai as preguntas e o Alcalde as contesta e que sabe perfectamente o que contesta, e que polo tanto se reitera en todo o que dixo a pesar do que di o Sr. Rivas Álvarez da Ordenanza municipal, e que entende que é unha cuestión de precampaña, e que nin ese Grupo ao que se referiu das farois nin para o outro Grupo o Alcalde vai poñer cuestión algunha porque entende que se trata dunha cuestión electoral.

Rogos e preguntas novos do Grupo Municipal de UPRI.-

O Sr. Rivas Álvarez manifesta que fai días ten presentado un escrito o 24 de decembro de 2007 sobre unha solicitude para que se lle entregara, se existía no Concello unha copia do Convenio entre a Xunta de Galicia e o Bispado, que seguro que existe no Concello e que o Sr. Alcalde o ten, e refírese a unha copia do Convenio que se asinou entre a Xunta de Galicia e o Bispado de Mondoñedo para construción da residencia da 3ª idade en Ove, e non sabe se é que non existe no Concello ou é que non se lle vai facilitar, ou se é que se lle pode facilitar.

O Sr. Alcalde resposta que non existe no Concello, porque foi un Convenio asinado entre a Vicepresidencia e o Bispado, e no Concello foron os anfitrións e cederon o Salón de Plenos para ese encontro, e que pode presentar a pregunta a través do Parlamento Galego e que non creen que teñan ningún problema en facilitarlle unha copia.

O Sr. Rivas Álvarez di que a súa pregunta e sobre se existe un proxecto xa, ou se non existe aínda e se falaba das prazas que podía ter, incluso e das persoas con Alzheimer e con outras enfermidades, cantas prazas vai ter en total, que esa era a súa pregunta, se lle pode contestar ou se o descoñece.

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que respecto ao que coñece lle pode contestar perfectamente, que agora mesmo hai unha actuación prevista dobre, por unha banda a construción dunha residencia da terceira idade nos terreos cedidos polo Bispado, e nunha está prevista a rehabilitación da rectoral de Ove para a conversión nun Centro de Día para

enfermos de alzheimer. Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que nunha primeira tanda se trata de rehabilitar o inmovible da rectoral e que chegou fai dúas semanas un primeiro proxecto pendente dos informes previos de Urbanismo e os que se precisen, e que segundo o proxecto ten unha capacidade para 30 persoas.

Respecto á Residencia se a Vicepresidencia dixo un número realmente será porque os seus técnicos o dixeron respecto á cabida na parcela, baseado sobre o que se pode construír aí, e polo tanto as prazas teóricas que deberían saír, e o que si é certo é que a Residencia nesa zona non se pode conseguir en tanto non haxa un PXOM aprobado, que se pode rehabilitar a rectoral, pero non se pode facer a Residencia igual que non se pode facer un aparcadoiro soterrado nin se poden facer tantas outras cousas.

O Sr. Rivas Álvarez pola súa parte di que polo tanto o verán na prensa pero non na realidade.

O Sr. Alcalde á súa vez lle di que foi un paso que non foi virtual, e que non é virtual que haxa un Convenio e un proxecto, e que haxa unha consignación para iso, e que lle parecen bastantes pasos en pouco tempo.

O Sr. Rivas Álvarez manifesta que quere formular outra pregunta á Alcaldía e que é respecto aos Decretos que viñeron hoxe a Pleno e pregunta se están todos xa pagados ou non, ou se é solamente a efectos de aprobación de facturas, e o Sr. Alcalde contesta que entende que a mecánica é primeiro a aprobación e despois o pago.

A Sra. Interventora de orde da Alcaldía informa que primeiro se fai o recoñecemento da obriga e logo o pago.

Pregunta o Sr. Rivas Álvarez a canto ascenderon os gastos, e se é preciso que se lle conteste noutro Pleno, de aluguer de equipos de iluminación e son no 2007.

A continuación por parte do Sr. Reymóndez Gancedo fórmulanse a Alcaldía os rogos e preguntas seguintes:

En primeiro lugar polo Sr. Concelleiro de UPRI se sinala respecto ao Castro das Grovas que dado o interese que hai polo mesmo, polas diferentes Asociacións veciñais e Culturais do concello creen desde a UPRI que a Alcaldía debería tomar unha iniciativa de potenciar ese Castro, xa que ten medios na Xunta e Deputación e reitera que se debería potenciar, e pregunta se se está facendo algo.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que coinciden no interese polo Castro, que non é nada novo, e que hai pouco tempo se desbrozou por parte da Consellería de Cultura e pensa que se pode dicir a estas alturas que hai unha intención a través do protocolo asinado entre a Consellería de Cultura e Dirección Xeral de Costas para facer catas arqueolóxicas para avaliar a posibilidade de que existan restos e efectuar o seu desenterramento, e que leva neso un tempo, pero por prudencia non se ten manifestado xa que as cuestións arqueolóxicas hai que levalas con coidado.

O Sr. Reymóndez Gancedo formula así mesmo un rogo respecto á rúa Recarey e Travesía Suso Peña e no que son as beirarrúas e os peches das fincas existen gretas, algunhas delas grandes, que poden producir un accidente para unha persoa ou cativo e noutros casos é un niño de suciedade e pensa que simplemente recheando aquilo sería fácil e económico resolvelo e formula o rogo de se se poderían tomar medidas.

O Sr. Alcalde manifesta que si, pero que é unha contestación sen avaliar, e quere matizar que nun dos exemplos que lle está dicindo contou co voto en contra do Grupo Municipal do BNG no mandato anterior, cando se recibiu esa obra por deficiencias e que agora lle doe que sexa o Concello quen teña que amañalas, cando tería que ser o promotor, pero que en todo caso o mirarán.

O Sr. Reymóndez Gancedo di ao Sr. Alcalde que o seu Grupo non estaba daquela e o Sr. Alcalde di que pola súa parte non era Alcalde.

A continuación o Sr. Reymóndez Gancedo pregunta pola sinalización viaria horizontal do Concello sobre todo polos pasos de cebra, se se vai tomar algunha medida.

Polo Sr. Alcalde respóndase que ten toda a razón e vaille explicar aínda que non serve de xustificación que teñen un PDT complementario aprobado que contemplaba o acondicionamento de pasos elevados, rebaixa de beirarrúas, pintado, etc. e que lles doía ter que refacelo ao pouco tempo e que se trata dunha obra que solaparía todo ese traballo, e a documentación que serviu para a subvención adoece dalgúns aspectos para licítalo, e hai algúns anexos que se están a elaborar polo técnico municipal para que se poida licitar pero o técnico municipal nestes últimos tempos está moi atarefado e non sabe se pode dicir nos próximos días ou semanas, en dous ou tres, o terá e confía en poder licitar esa obra para dar cumprimento ao que lle di.

O Sr. Reymóndez Gancedo manifesta que lle vai formular unha serie de cuestións respecto a viarios, e comeza a súa intervención sinalando que na Devesa na Estrada de Lexoso, no cruce da mesma Igrexa de A Devesa en dirección a Noceda existía un sinal de STOP e pide que se poña, sinalando que debeu desaparecer. O Sr. Alcalde manifesta o seu criterio favorable a que se poña.

O Sr. Reymóndez Gancedo a continuación refírese a que en Porto de Abaixo hai un mes que existe unha luz que non alumea; o Sr. Alcalde lle contesta que é correcto que formule a pregunta, pero ordinariamente deberá chamarse ao Concello para que lle pasen unha nota ao Electricista e non hai que chamar ao Alcalde e que o fará mañá mesmo. Toda vez que o Sr. Reymóndez Gancedo di que é un portavoz do manifestado polos veciños o Sr. Alcalde contesta que poden chamar ao Concello.

O Sr. Reymóndez Gancedo pola súa parte sinala que como están a falar de Porto de Abaixo tamén se precisa un contenedor mais e pide que se poña. O Sr. Alcalde manifesta o seu criterio favorable pero sinalando que debe verse a distancia a casa de que se trata e non actuar á lixeira.

O Sr. Reymóndez Gancedo formula unha nova pregunta sobre a pista Polideportiva de Rinlo e sobre se se construíu unha parte da mesma en zona privada. O Sr. Alcalde contesta que ten coñecemento de todo, e que se trata dun proceso desde hai tres ou catro meses e da súa resolución, que ninguén ten a culpa a nivel político ou responsabilidade, e que estiveron con moita cautela todo o tempo tratando do asunto e a cuestión é que se meteu a pista polideportiva en parte nunha finca privada e se fixeron as xestións pero se vai demoler a parte feita nunha finca privada. Que no seu momento a través de Costas se fixo a Pista pero tamén o dono acordouse dous anos despois, entón desde o Concello se fixeron as xestións diante de Costas e da subcontrata e ao final replantexouse a obra e se vai executar dentro da Masa común.

O Sr. Reymóndez Gancedo así mesmo formula o rogo de que se poña unha copia do Plan Xeral nos Teleclubs, contestando o Sr. Alcalde que o Plan vaise colgar en internet, vai haber CD's á venda e se vai expoñer na Oficina de turismo, e que nos teleclubes será o que teña que ver coa parroquia, e que en case todas as parroquias hai internet a disposición dos veciños e unha cousa é a "sabana" do Plan e outra a normativa, e non se poden ter 12 documentos para as 12 parroquias.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que se trata de que estea o CD que corresponde á parroquia e o Sr. Alcalde responde que o van ter.

Así mesmo o Sr. Reymóndez Gancedo fai referencia a que na Escola de Vilaselán hai cinco ordenadores sen internet e o Sr. Alcalde pregunta desde cando respostando o Sr. Reymóndez Gancedo que desde hai días e que o Sr. Alcalde dille que toma nota para que se arranxen.

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Socialista.-

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que quere facer varias preguntas á Alcaldía, e comeza por preguntar se transcorridos dous meses desde o acordo plenario en relación ao aparcadoiro soterrado, respecto a se xa está elaborado o Prego de condicións para sacar o asunto a concurso.

Polo Sr. Alcalde contéstase que no día de hoxe aínda estivo tratando do tema con persoal técnico municipal e que antes fixo averiguacións para ver o que se fixo noutros lugares, pero que neste momento hai unha saturación de traballo pero non hai problema para que vaia adiante, pero é unha cuestión moi complexa desde o punto de vista administrativo e confía en poucas semanas en poder telo pero vaise facer unha consulta formal a Patrimonio pola cuestión de non iniciar unha redacción para que se quede todo en nada.

Igualmente por parte do Sr. Pérez Vacas se pregunta se se solicitou autorización de Patrimonio para a balaustrada prefabricada colocada na Aduana vella onde había cantería, e quería saber se o que se colocou é o criterio do Alcalde que permaneza, e sobre todo se hai permiso de Patrimonio para colocar o que se puxo e se parece normal que o Concello utilice o casco histórico para facer semellante aberración.

O Sr. Alcalde á súa vez pregunta ao Sr. Pérez Vacas se se refire á Aduana vella contestando este que si e por parte do Sr. Alcalde se sinala que o proxecto técnico foi elaborado polo ARI e tivo o visto e prace de Patrimonio e que lle pode crer que o Alcalde non interviu absolutamente para nada, como todas as cousas que se fan desde hai anos, e que logo en cuestión de gustos non entran.

O Sr. Pérez Vacas di á súa vez que pregunta se hai autorización de Patrimonio da Xunta de Galicia para colocar unha balaustrada prefabricada e se lle parece correcto ao longo da Aduana Vella onde había muro de cantería e se iso está así tramitado e se a opinión do Alcalde é que iso é correcto. O Sr. Alcalde di que todo está correctamente tramitado e que é mais a balaustrada a que se refire, era segundo os criterios técnicos unha reprodución da que existía que estaba practicamente demolida, quedaban tres ou catro pés nada mais, e que chama a atención porque antes non había nada. O Sr. Pérez Vacas replica que antes era de cantería e agora non sabe de que é e é de cor branca rechamante.

O Sr. Alcalde di que contrasta co edificio da Aduana Vella que chama a atención, pero cando por unha política de persuasión adecuada se rehabilite ese edificio volverá todo a normalidade e a ter todo un aspecto mais novo, tanto a balaustrada como o edificio da Aduana Vella.

De seguido o Sr. Pérez Vacas manifesta que quere facerlle outra pregunta, e é insistindo no tema, e é se o Asesor legal que trae o Alcalde para a Mesa de negociación non lle costa nada ao Concello. O Sr. Alcalde resposta que non, e di ao Sr. Pérez Vacas que non sabe porque lle pregunta tanto dese Asesor legal.

Pola súa parte o Sr. Pérez Vacas di ao Sr. Alcalde que lle preocupa, porque como está manifestando continuamente que non ten cartos no Concello e hai asesores legais da Corporación que cobran o soldo a fin de mes lle estraña que traia un e que non cobre, que veña gratis, que é unha xestión que lle agradecerán todos os veciños.

O Sr. Alcalde di que ese concretamente non.

Tamén polo Sr. Perez Vacas se fai un rogo respecto ao que denomina “ un decretazo” de 11 de xaneiro para o Grupo Socialista que non sabe se o recibiron os demais, fixándolle un horario para uso do local que se lles facilitou, e hoxe o Grupo Socialista veuse na necesidade, como solo se pode usar o local en horario administrativo, de 8 a 15 e os sábados de 9 a 13, de estar nunha cafetería tratando de buscar o consenso para apoiarlle as iniciativas ao Sr. Alcalde, e lle quere facer o rogo de que cada vez que haxa Pleno ou Comisión poidan ter acceso ao local que xentilmente se cedeu pola Alcaldía aos Grupos Municipais.

O Sr. Alcalde pola súa parte di que para distender un pouco o ambiente, que van a ser un tanto prudentes, e que vai facer unha visión retrospectiva, en xeral, e igual que nun punto anterior se dixo que tamén podían falar, tamén neste caso.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde en referencia a si mesmo que tamén foi oposición de oposición, e foi Tenente de Alcalde e agora están noutra posición, que é a mesma mais ou menos, pero revestida dun pouco mais de responsabilidade, e non tivo en 8 anos ningún local nin acceso a ningún medio, mais que fotocopiar os asuntos aos que tiñan dereito como Concelleiros, e que nada mais, e agora todos os Grupos teñen un local, un teléfono que non está limitado, e é a súa responsabilidade, un ordenador que é cuestionable que podería ser mais rápido, pero mais lento tamén, e teñen internet e teñen todo o que nunca antes houbo, e lle vai contestar que no seu momento pactaron e sabe o Sr. Pérez Vacas que xa dixo se pola tarde se podía, e lle dixo o Alcalde (en relación a si mesmo) que non, que so en horario administrativo e xa o sabía porque lle pasou despois e non quedou agradado, e vai dicilo porque despois dunha Comisión informativa, despois de que todo o mundo se fora do Concello todo o persoal funcionario, porque non lles pode obrigar a que se queden ás 10 da noite, o Alcalde despois dunha Comisión informativa estivo unha hora no seu despacho amañando asuntos, e cando o considerou oportuno, camiño das dez da noite, decidiu irse porque estaba aburrido de estar todo o día no Concello e o Concello quedou pechado pero dentro do Concello quedaban membros que non eran do goberno e iso non é adecuado, e teñen que entendela e se lles vale ben, e senón tamén.

Prosegue o Sr. Alcalde manifestando que é a súa xustificación, porque de acceso á información o que queiran, e uso dos medios o que queiran, pero van ser prudentes e non que lle poida pasar a situación de que o Alcalde se vaia, que non quede ningún funcionario dentro do Concello, e quede un grupo municipal con luz dentro, e non lle importa o que haxa, pero non é prudente, porque os niveis de seguridade do Concello son os que son, o edificio é o que é, e desde alí se pode acceder a calquera dependenza, nas áreas de oficinas xerais onde hai un montón de expedientes que non están vixiados, para evitar responsabilidades, porque se logo falla algo o responsable se non hai ninguén será o Alcalde.

Intervén o Sr. Pérez Vacas do Grupo municipal socialista que di ao Alcalde que supón que a resposta ao rogo é non, que non se pode usar o local cando hai Pleno, e quere aclarar un pouco o que acaba de dicir o Alcalde e considera que un pode pecar de inocente, como ese día que se rematou a Comisión, e os representantes de UPRI e do PSOE baixaron con toda a inocencia, porque non pretenden roubar en absoluto nada, ningún documento.

O Sr. Alcalde manifesta ao Sr. Pérez Vacas que pola súa parte non está a dicir iso, e o Sr. Pérez Vacas prosegue intervindo e sinalando que o que lle está dicindo é que non poden exercer a labor de oposición porque ao mellor collen algún expediente ou algún papel, pero o que fixeron foi que foron ao local e quixeron organizar unha viaxe a Madrid, onde estaban invitados os dous representantes do Grupos, porque había unha serie de fallas de concreción dos actos e chamáronlle para preguntar, e os inocentes foron eles que chamaron ao Alcalde daquelas horas ás oito e medía da tarde e non sabe se estaba moi cansado de estar no Concello se levaba todo o día, e chamaron para aclarar determinados asuntos da presenza dos membros de UPRI e do PSOE e senón que lle corrixan; que non teñen intención de roubar e que so están facendo oposición, e o que lles sorprende mais e que o Sr. Alcalde considere un gran logro que lle facilite a labor aos membros da oposición, cedendo un local, que ata ahí podían chegar, que era o menos que podían agardar dun Alcalde do Bloque, que non lles dera

facilidades para facer a labor de oposición, e que se a resposta é non, pois non, non usan o local e se reúnen nas cafeterías.

Por parte do Sr. Alcalde se replica que facilidades todas, e o Sr. Pérez Vacas o nega, e polo Sr. Alcalde se lle replica que ningún Alcalde deu tanta información nin facilidades.

O Sr. Pérez Vacas pola súa parte lle contesta que ningún Alcalde necesitou dos votos dos outros Partidos, para estar onde está.

Por parte do Sr. Alcalde manifestase que por eso mesmo se todo ten que cambiar que cambie, pero mentres siga así o Concello non é a casa “ de tócame roque”, e aquí non se pode ir todo o goberno municipal, todos os funcionarios e quedar os membros que non son do goberno, e se hai que vir pola tarde tamén funcionarios, como un día que poida haber unha Xunta de Goberno ou unha Comisión Informativa entende de maneira ordinaria que as oficinas están abertas e os funcionarios por aí e que tampouco o Alcalde vai andar cun Policía detrás, en absoluto, e que quen o coñece o saben, pero se lle chaman polo teléfono interno, case unha hora despois de estar resolvendo asuntos se foi e quedan solos.

O Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI o nega e di que non foi así, e é replicado polo Sr. Alcalde que di que é así e que mirou o reloxo.

Se delibera entre os membros da Corporación sobre o sucedido intervindo varios Concelleiros. Por parte do Sr. Pérez Vacas do Grupo Socialista se fai unha pregunta ao Alcalde de se cando hai Plenos ou Comisións poden vir unha hora antes a reunirse no local, e se poden ou non . Por parte do Sr. Alcalde se di que cando haxa Plenos ou Comisións, e hai persoal, de acordo.

Intervén a continuación o Sr. López Pérez do Grupo Municipal Socialista que manifesta que ten que facer un par de preguntas moi sinxelas de contestar.

Manifesta en primeiro lugar que están a tres ou catro días do inicio das vacacións da Semana Santa, e teñen abundantes obras afortunadamente na Vila porque moitas escomezaron estando o PSOE no goberno, como a Praza de España e arredores e as rúas do Centro Comercial Aberto, e quere preguntar se teñen previsto algún Plan de Tráfico para eses días porque agarda que sexan moitos os cidadáns que visiten Ribadeo; polo Sr. López Pérez se reitera a pregunta, sinalando que é mais incluso falou de tráfico, pero tamén as Asociacións de Amigos da Semana Santa teñen un amplo programa de actos para Semana Santa que interfieren sempre no tráfico, porque como Concelleiro de Tráfico que foi o Concelleiro no uso da palabra, sabe que hai zonas que teñen que reservarse, e pregunta se teñen previsto algún Plan de tráfico, dado o estado de todas estas obras.

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que teñen unha coordinación diaria coa Policía Local de cara a Semana Santa e tiveron unha reunión coa Confraría da Semana Santa ou cos Amigos da Semana Santa hai uns días e planificaron para que os actos se poidan levar con normalidade, e de feito respecto ás procesións que vai haber por diante do Concello como xa está rematado, o mellor non poden pasar os vehículos porque aínda estea fraguando, pero si as procesións; que se procurará causar as menores molestias posibles, pero agora eso si, non pode predicir se para Semana Santa esto vai estar operativo para o tráfico, non o pode dicir, se tecnicamente non está, pero non pode soprarlle para que seque antes.

O Sr. López Pérez lle di ao Sr. Alcalde que precisamente o di en caso de que non se atopen operativos aínda, e para regular un tráfico alternativo, xa que como Concelleiro sufriu como os anteriores e sabe o que é unha avalancha de cidadáns e vehículos o que supón e que se dá por respondido.

Tamén por parte do Sr. López Pérez se formula unha segunda cuestión, manifestando que ao mellor xa se contestou nalgún Pleno anterior, cando o Concelleiro no uso da palabra non

estaba e quere preguntar ¿ en qué situación están as obras da rúa San Lázaro-Deputación?. Pensa que San Lázaro está rematada ou case rematada, e pregunta pola rúa Deputación.

O Sr. Alcalde contesta que é unha pregunta que xa lle teñen feito UPRI e o PP, e é que a situación foi a seguinte, e que reitera e agarda que sexa o último Pleno en que ten que facela, o agarda ; que despois de que a Xunta de Galicia e concretamente a Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo financiou integramente un proxecto para o acondicionamento da rúa San Lázaro e Deputación, en vista de que esa empresa que a Xunta contratou non foi do agrado do Concello nin dos veciños, e en vista de que se fixo unha obra con innumerables deficiencias, decidiuse por parte do Concello suxerirle á Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo rescindir o contrato a esa Empresa e que polo tanto que se lle adjudicara o restante a outra empresa con outro novo procedemento; prosegue sinalando o Sr. Alcalde que a Sociedade Anónima Xacobeo pediulle ao Concello que refixera o proxecto adecuando algunhas cuestións mais operativas para rematalo e que estivera todo ben, e que ese proxecto estase redactando por parte do Arquitecto municipal e agarda que mañá xa o teña aquí para poder envíalo ao Xacobeo para que inicien os trámites e que canto antes se poida rematar todo dunha vez por todas.

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Popular

Intervén a continuación o Sr. Duarte Díaz do Grupo Popular que manifesta que os Plenos ordinarios se celebran cada dous meses e que no anterior fixo unha pregunta de qué pasaba coa iluminación do Xardín de Sela e lle contestaron que lle ían dar o prazo dun mes e ese prazo está superado no dobre, e o gran invento que se vai facer aí do Parque de Indianos debe estar na situación de estar buscando os indianos fora para que cheguen, e nin hai luces, nin indianos, nin parque.

Contesta o Sr. Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado manifestando que o xoves van vir a Ribadeo unha representación de TRAGSA e que veñen para ver o que se vai acometer alí co proxecto feito, pero hai que ver cos técnicos municipais como vai quedar.

Por parte do Sr. Duarte Díaz se fai referencia a cantidade de meses que leva aquilo sen luz e que considera que é impresentable que na entrada da Vila se de esa situación e cree que se poden colocar as farolas e que ilumine, e que cando se faga o proxecto se quitan as farois.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que poden facer unha cousa, que xa que fai mais ou menos un mes asinaron un novo convenio coa Consellería de Medio Ambiente, porque houbo que pasar as anualidades, por razón da súa contabilidade, para que non se desencadrara, para o 2008, e a obra se pode empezar cando se queira, e como di o Sr. Cupeiro Rodríguez a empresa pública TRAGSA estivo por aquí, polo tanto, se o xoves cando veñan, veñen para quedarse non fan nada, pero se veñen para pensar o que van facer, comprométese a poñer as farois.

De seguido por parte do Sr. Duarte Díaz se formula o rogo de que na rúa Calvo Sotelo, unha das sinais indicativas do PDT, que se puxo aí, modificouse, sácase dun sitio e púxose un pouco mais para arriba, e hai un furado diante da Casa de Ángel, da sinal e entón é un perigo que alguén meta un pé alí, e xa que non hai ingresos no concello que non haxa gastos polo menos, que é cuestión dun pouco de cemento e tápalo, porque como xa se vai facer esa rúa de novo, non hai ningún problema.

Fai así mesmo o Sr. Duarte Díaz referencia a outra cousa, xa que se está a distender, tamén nese plan e non está en plan burlesco, que é quere dicir que sabe que o Alcalde ten boa vontade e lle consta que si que é iso e que el (en relación a si mesmo) está denunciando cada pouco, cada quince días, ou cando se lle ocorre o tema do rebacheo de varias rúas de Ribadeo, e sabe que ten constancia de que unha empresa vai facer ese rebacheo e que o luns non era o día apropiado para rebacheo, pero agarda que se o tempo mellora e o permite que ese compromiso vaia adiante.

O Sr. Alcalde contesta que co que ten dito o Sr. Duarte aquí e nos medios de comunicación era Calvo Sotelo, pero que vai servir de pouco porque teñen previsto amañala.

O Sr. Duarte pola súa parte manifesta que sabe de momento dunha persoa que meteu un pé ahí, nese sitio e lle dixeron que era unha tía do ex-alcalde (D.Balbino Pérez), que non está defendendo nada do PP(de xeito irónico).

De seguido procédese por parte do Sr. Alcalde a enumerar rúas a rebachear e menciona a rúa Calvo Sotelo, a rúa Pintor Fierros, e por parte do Sr. Duarte Díaz se engade que en fronte mesmo de Alimerka, onde hai un paso de cebra, hai que facer un rebacheo e tamén outro cerca do Supermercado CONSUM- lamentando verse obrigado a nomear supermercados- e considera que alí tamén hai un sementeiro de baches, e que entón é *pecata minuta* e que se poden arranxar.

Deliberase de seguido sobre o arranxo da rúa Deputación intervindo incidentalmente o Sr. Rivas Álvarez e varios Concelleiros.

Non tendo mais asuntos que tratar e sendo as 22 horas e 10 minutos polo Sr. Alcalde levántase a sesión, estendéndose a presente acta do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,